

Colección: Fondo: Lois Tobío no seu arquivo persoal

Ficha documental da epistola de Francisco Fernández del Riego, a Lois Tobío Fernández do 09/11/1963

Colección:

Data: 09/11/1963

De:

Francisco Fernández del Riego;

Para:

Lois Tobío Fernández;

Orixe:

Doutor Cadaval, 32, 4º esq. (de enderezo), Vigo (municipal), Vigo (comarcal)

Destino:

General Moscardó, 10, 2ªA (de enderezo), Madrid (local), Madrid (provincial)

Ficha descriptiva:

[Carta manuscrita, con sinatura autógrafa e sen membrete].

Mencionados:

Celso Emilio Ferreiro; Xesús Ferro Couselo; Aquilino Iglesia Alvariño; Xaquín Lorenzo Fernández; Manuel Puente;

Notas do editor:

Carta de 3 páxinas, dixitalizada en dúas imaxes.



[VER O DOCUMENTO ORIXINAL](#)

Transcrición da epistola de Francisco Fernández del Riego, a Lois Tobío Fernández do 09/11/1963

Vigo
9 - nov.
1963

Sr. D. Luís Tobío
Madrid

Meu querido amigo:

Fai unha chea de tempo que recibín a túa carta. Esperaba que no vran viñeses dar unha volta por Galicia. Pero ô parecer, as túas ocupacións non cho permitiron. Sentíno ben. Tiñas moitos desexos de falar contigo, longo e de vagar.

O principal ouxeto distas liñas é o de che pedir un favor, por si o podes atender. Un amigo noso, ô que ti conocerás tamén inda que soio seña de nome, Celso Emilio Ferreiro, quería completar os seus ingresos –xa que ten varios fillos– con algunha representación. Pedíume que che escribise a ti, por si a empresa na que traballas necesita un representante en Vigo e Pontevedra; i en caso afirmativo, que nomease a Ferreiro pra desempeñar esa misión.

Estimaríache moito que, de ser posíbel, atendeses o pedido. En calquera caso, rógoche que me comuniques o que haxa, pra que Ferreiro vexa que fixen a xestión. Moitísimas gracias, por adiantado.

Don Manuel Puente escribíume dúas cartas. Pídeme que nos encarguemos da distribución dos dous tomos da Historia. Xa chegaron algúns exemplares co ise fin. Pero o 30% de desconto que ofrece é moi escaso, pois de facer as vendas a traveso de librerías e representantes, hai que lles dar o 25 de comisión.

Dime tamén que me poña â fala contigo, pra ver de proseguir a edición da obra. Garantizándoo e aconsellándoo ti, non ten incomenente, en principio, enque os próximos tomos se editen en Madrid baixo a túa dirección.

O traballo da Prehistoria, que deixou Cuevillas manuscrito, están revisando Xocas e poñéndoo ô día. Incorporaralle material gráfico, e unha vez mecanografiado o texto, mandaramo todo a min.

Tamén os fillos de Iglesia Alvariño parecen dispostos a entregar o orixinal sobre o Idioma que se refugara polas razóns que conoces. No caso de que o solicitáramos de novo, habería que llo entregar a Ferro, pra que suprimise todo o que resulta inaxeitado. De calquer maneira, non sei ate que punto resultaría comenente meter ese estudo nun tomo co da Prehistoria. Haberá primeiro que mirar si a extensión diste abonda pra encher un volume de tamaño semellante ô dos xa publicados. En fín, ti dirás.

Sería ben que me transmitises tódalas suxerencias que se che ocorran, pra lle eu escribir a Puente.

Si vou un día a Madrid, antes de que ti veñas a Galicia, ireite ver.

Entrentanto, espero as túas novas.

Moitos saúdos â túa muller e ô teu fillo, da miña dona pra todos, e pra tí a cordial aperta de sempre, de

F. del R. [sinatura autógrafa]

[Na esquina superior derecha, escrito a man con bolígrafo azul: Cont. 6-XII-63]

Aviso legal do Consello da Cultura Galega

A difusión dixital deste epistolario e os seus contidos, textos e calquera creación intelectual existente nesta edición están protexidos pola lexislación en materia de propiedade intelectual.

De conformidade co previsto na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, sobre protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, quen entenda que os contidos deste epistolario poidan supor unha intromisión ilexítima nos seus dereitos deberá poñelo en coñecemento do Consello da Cultura Galega a fin de adoptar, de ser o caso, as medidas oportunas.

O acceso e uso da edición dixital do Epistolario implica o coñecemento e plena aceptación destas condicións.

Colección "Fondo Fundación Luís Seoane":

A difusión dixital deste epistolario realízase ao abeiro do convenio suscrito polo Consello da Cultura Galega e pola Fundación Luís Seoane con data 4 de decembro de 2008, polo que ambas as dúas institucións comparten a súa titularidade.

A Fundación Luís Seoane, como única depositaria do legado deste persoeiro galego, é a propietaria das cartas deste epistolario, que está integrado tanto pola correspondencia recibida por Luís Seoane como pola remitida por el a outros destinatarios.

Consultas e colaboracións:

Se posúes ou coñeces a existencia de fondos epistolares ou se consideras algunha suxestión sobre as cartas agradecemos a túa colaboración en epistolarios@consellodacultura.gal ou no teléfono 981957208.